



(F_TOD_40)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADA DE
VEHICULOS A TRAVES DAS BEIRARRUAS E RESERVA DE ESPAZO NA VIA
PUBLICA PARA APARCAMENTOS EXCLUSIVOS, CARGA E DESCARGA DE
MERCANCIAS DE CALQUERA CLASE

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
18/11/2005	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	270	01/01/2006
13/11/2006	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2006
27/12/2007	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	299	31/12/2007
23/10/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
04/11/2010	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	24/12/2010
07/11/2011	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2011
11/10/2016	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	290	20/12/2016

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaríanse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ informatica@concellodemonforte.com www.monfortedelemos.es <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

ARTIGO -1- CONCEPTO.....	3
ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE	3
ARTIGO -3- SUXEITOS PASIVOS	3
ARTIGO -4- RESPONSABLES.....	3
ARTIGO -5- COTA TRIBUTARIA	3
ARTIGO -6- NORMAS DE XESTIÓN	4
ARTIGO -7- DEVEÑO	4
DISPOSICIÓN ADICIONAL.....	5
DISPOSICIÓN FINAL	5

ARTIGO -1- CONCEPTO

De acordo co establecido no artigo 57 e 20.3 letra h) do R. D. Legislativo 2/ 2004 de 5 de marzo e de conformidade co que dispoñen os Artigos 15 a 19 do mesmo texto legal o Concello de Monforte establece a taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de espazo na vía pública para aparcamento exclusivo , e carga e descarga de mercancías de calquera clase.

ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa o aproveitamento especial que ten lugar pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e pola reserva de espazo na vía pública para aparcamento exclusivo, e carga e descarga de mercancías de calquera clase.

ARTIGO -3- SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas e/ou entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a favor das que se outorguen as licencias, ou quen se beneficie do aproveitamento, se procedeu sen a oportuna autorización. Nas entradas a través das beirarrúas, considerarase suxeito pasivo o propietario la finca ou local.
2. Terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios das fincas e locais a que dean acceso estas entradas , quen , no seu caso poderán repercutir as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO -4- RESPONSABLES

Para os supostos de responsabilidade, así como para o procedemento da súa esixencia, estarase ó que se estableza ao respecto na Lei xeral tributaria.

ARTIGO -5- COTA TRIBUTARIA

1. As tarifas establecidas serán as seguintes:

TARIFAS	Categoría de rúas e importe en €		
	1ª	2ª	3ª
ENTRADAS EN XERAL			
Con beirarrúa cortada	29,85	24,90	19,91
Con beirarrúa e con bordo chafranado ou en rampla	12,25	10,80	9,18
Con beirarrúa e con badén	13,77	12,26	10,80
Con beirarrúa normal	9,18	8,42	6,89
En rúas pavimentadas sen beirarrúas	6,13	5,37	4,60
RESERVA DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO E CARGA E DESCARGA DE MERCADORIAS E ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS			
Por metro lineal, ó ano cun mínimo de 8 metros lineais	6,89	5,37	3,55
TALLERES DE REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES E SIMILARES SINALADAS EN XERAL PARA CAMIÓN S E/OU TURISMOS INDISTINTAMENTE			
Con beirarrúa cortada	122,49	109,48	88,04
Con beirarrúa e con bordo chafranado ou en rampla	76,55	65,85	49,77
Con beirarrúa e con badén	88,04	76,56	58,19
Con beirarrúa normal	69,13	55,13	44,42
En rúas pavimentadas sen beirarrúas	55,13	44,42	32,92
Nas rúas sen pavimentar e sen beirarrúas	44,41	32,92	22,20
GARAXES PÚBLICOS, TALLERES DE REPARACIÓN MOTOCICLETS, ENTRADAS SINALADOS SÓ PARA TURISMOS			
Con beirarrúa cortada	109,48	88,04	65,85

Con beirarrúa e con bordo chafranado ou en rampla	44,42	38,28	32,92
Con beirarrúa e con badén	65,85	55,13	44,42
Con beirarrúa normal	32,92	27,56	22,20
En rúas pavimentadas sen beirarrúas	27,56	22,20	16,85
Nas rúas sen pavimentar e sen beirarrúas	22,20	16,85	11,47

GARAXES PARTICULARES PARA USO EXCLUSIVO DO DO PROPIETARIO OU ARRENDATARIOS CON DÚAS VIVENDAS

Con beirarrúa cortada	91,87	73,49	55,13
Con beirarrúa e con bordo chafranado ou en rampla	36,75	32,16	27,56
Con beirarrúa e con badén	55,13	45,94	36,75
Con beirarrúa normal	27,56	22,97	18,38
En rúas pavimentadas sen beirarrúas	22,97	18,38	13,77
Nas rúas sen pavimentar e sen beirarrúas	18,38	13,77	9,19

GARAXES DE COMUNIDADES DE PROPIETARIOS DE MÁIS DE DÚAS PRAZAS. ÁREAS COMERCIAIS COTA ANUAL POR PRAZA

Con beirarrúa cortada	45,94	36,75	27,56
Con beirarrúa e con bordo chafranado ou en rampla	18,38	16,08	13,77
Con beirarrúa e con badén	27,56	22,97	18,38
Con beirarrúa normal	13,77	11,48	9,18
En rúas pavimentadas sen beirarrúas	11,48	9,18	6,89
Nas rúas sen pavimentar e sen beirarrúas	9,19	6,89	4,59

2. Nas beirarrúas de máis de catro metros lineais as cotas tributarias serán o resultado de aplicar un recargo do 50% ás tarifas descritas no apartado 1) na parte proporcional ó exceso.
3. O prezo das placas será de 10,20 € / unidade

ARTIGO -6- NORMAS DE XESTIÓN

1. As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado.
2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licenza, e na solicitude deberá describirse detalladamente a petición que se formula.

ARTIGO -7- DEVEÑO

1. A taxa devéñase:

O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, en cuxo caso abarcará dende a data da concesión da autorización municipal ata o remate do ano natural.

A taxa devéñase o 1 de xaneiro de cada ano e as cotas serán irredutibles, salvo cando nos casos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a data de inicio non coincida co ano natural, de tal xeito que neste caso as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que resten para rematar o ano, incluído o de comezo da utilización ou aproveitamento especial.

Así mesmo, e no caso de cesa na utilización privativa ou aproveitamento especial as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, computando no prorrateo aquel no que se produce o cese.

2. O pago da taxa realizarase:

No caso de inicio da utilización privativo ou aproveitamento especial do dominio público, no momento da solicitude do aproveitamento.

O suxeito pasivo estará obrigado a presentar autoliquidación da taxa.

No caso de concesións de aproveitamentos xa autorizados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas ingresarase a contía correspondente ao período anual. O Concello requirirá anualmente para o seu pagamento a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As disposicións desta ordenanza que, reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación i aqueles que fagan remisión a preceptos legais , entenderase automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos .

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 18 de novembro de 2005 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 270 de 25 de novembro, entrando en vigor o día un de xaneiro de 2006.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 13 de novembro de 2006 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 297 de 29 de decembro de 2006.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro e 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 291 do día 19 de decembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 4 de novembro de 2010 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 11 de outubro de 2016 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 290 do día 20 de decembro de 2016

Monforte de Lemos, xaneiro de 2017



O Alcalde, José Tomé Roca